

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO DUNHA TRABALLADORA SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE MURAS

Na Casa Consistorial, sendo as 08.45 horas da mañá do día 3 de novembro de 2020, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación dunha traballadora social, persoal laboral fixo no Concello de Muras, asistindo:

Presidenta: Silvia Lamelas Soto
Secretario: Manuel Castiñeira Castiñeira
Vogal: Silvia García López
Vogal: Iria Lamazares Fernández
Vogal: José Ramón Fernández Gallego

Esta terceira proba consiste na resolución dun ou varios supostos prácticos relacionados co temario específico determinados polo tribunal.

Os membros do tribunal deciden cales serán os criterios de valoración así como a puntuación que se asignará a cada un deles, decidindo por unanimidade que serán os seguintes:

- 1.- Estrutura coherente do tema: secuencia lóxica e ordenada: 10 puntos
- 2.- Nivel de profundización e actualización dos contidos adecuados ao tema: 10 puntos
- 3.- Emprego de terminoloxía propia da praza convocada: 2 puntos
- 4.- Adecuada expresión escrita: ortografía e gramática: 2 puntos
- 5.- Limpeza e lexibilidade; 1 punto

O tribunal desprázase ata a Casa do Médico, lugar onde se realiza a terceira das probas asistindo a aspirante co número de control 1.

Finalizada a proba e tras corrixir a mesma, os membros do tribunal acordan puntuala con 45 puntos. Acto seguido proceden á apertura do sobre cos números de control asignados ao azar ás aspirantes, donde comprobouse que o número de control 1 se corresponde con dona María Lorena Burque Antelo.

Rematado o proceso selectivo e de acordo co establecido nas bases, o Tribunal declara aprobada a dona MARIA LORENA BURQUE ANTELO, publicando o resultado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, elevando a proposta á Alcaldía-Presidencia para que proceda á contratación pertinente.

Quedan unidos ao expediente as actuacións realizadas, levantándose a presente acta o día 03.11.2020, que despois da súa lectura e conformidade asinan os membros do tribunal

